



Asociación Empresarial de Comercio Textil de Ourense e, doutra, en representación dos/as traballadores/as do sector polos/as representantes das centrais sindicais Unión Xeral de Traballadores (UXT) e Comisións Obreiras (CC.OO) actualizando de acordo co disposto no artigo 6 do texto do Convenio as condicións económicas do sector para o ano 2010 e, de conformidade co disposto no artigo 90.2.º e 3.º do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo e as demais normas aplicables do dereito común, este departamento territorial acorda:

Primeiro.- Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que obra neste departamento territorial (Servizo de Relacións Laborais), e notificación ás representacións empresarial e social da comisión negociadora.

Segundo.- Ordena-lo seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Unidade de Mediación, Arbitraje e Conciliación (UMAC).

Terceiro.- Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ourense, 3 de febreiro de 2010. O xefe territorial.

Asdo.: José Selas Souto.

Acta da Comisión Paritaria do Convenio colectivo de comercio téxtil de Ourense

Cando son as 18.00 horas do día 20 de xaneiro de 2010, reúnense as persoas que a continuación se relacionan na sede da Confederación Empresarial de Ourense, sita na Praza das Damas, n.º 1, de Ourense, para proceder á actualización das condicións económicas do Convenio colectivo de comercio téxtil da provincia de Ourense, para o seu segundo ano de vixencia.

Parte empresarial: Asociación Empresarial de Comercio Textil de Ourense: Joaquín Diéguez Sergio Nogueira Iglesias. Parte Social: UGT: Concepción López Caride, CC.OO: Manuel González Cacheiro.

Acordos:

Coñecido o IPC real de 2009, as partes acordan actualiza-los salarios para o segundo ano de vixencia do convenio, segundo o disposto no artigo 6 do texto, que establece que no 2010 o incremento será igual ó IPC real do 2009, máis 0,50%. Como este foi do 0,8%, a táboa salarial incrementase con respecto ó ano anterior nun 1,3%.

Categoría; Euros

Xefe de compras e encargado xeral; 1.023,24

Xefe de sucursal e xefe administrativo; 914,73

Xefe de sección mercantil; 914,73

Encargado de establecemento; 879,17

Viaxante; 914,73

Corredor de praza; 879,17

Dependente; 873,19

\* Dependente maior; 960,44

Axudante; 764,00

Xefe administrativo ; 1.023,65

Xefe de sección administrativo ; 933,34

Contable caixeiro; 921,25

Oficial administrativo ; 873,19

Auxiliar administrativo; 785,87

Auxiliar de caixa; 873,18

Escaparartista; 960,37

Axudante de montaxe; 785,87

Persoal de oficio; 785,87

Costureira; 785,87

## Consellería de Traballo e Benestar

Departamento Territorial  
Ourense

Sección Relacións Laborais  
Revisión salarial 2010

Unha vez visto o texto da acta da Comisión Paritaria do Convenio colectivo de comercio téxtil de Ourense 2009-2010, publicado no BOP n.º 144, do 25 de xuño de 2009 (código n.º 3200145) subscrita, o día 20 de xaneiro de 2010, polos membros da Comisión paritaria do convenio integrada, dunha parte, en representación da parte económica, polos representantes da



Operador técnico; 873,19

Persoal de limpeza; 5,46

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión cando son as 18.30 no lugar e día expresados no encabezamento, asinándose para o efecto esta acta en proba de conformidade.

Asociación Empresarial de Comercio Textil de Ourense:

Joaquín Diéguez, Sergio Nogueira Iglesias.

UGT: Concepción López Caride.

CC.OO: Manuel González Cacheiro.

---



---

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)